

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O MANTENIMENTO DA REDE DE CALOR DE BIOMASA DA ALDEA DE INFESTA (MONTERREI) EXECTUADA NO MARCO DO PROXECTO POCTEP ALDEALIX

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte José Luis Suárez Martínez, como alcalde do Concello de Monterrei, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da





Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o beneficiario principal do proxecto ALDEALIX, aprobado polo Programa de Cooperación Transfronteiriza INTERREG VI-A España – Portugal (POCTEP), no que participa como beneficiario o Concello de Monterrei. O proxecto ten como finalidade impulsar o uso da biomasa no modelo produtivo mediante comunidades enerxéticas no rural de Galicia e o Norte de Portugal.

Terceiro.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entre outras actuacións, ten executado no marco do proxecto ADEALIX a construción da rede de calor de biomasa localizada na aldea de Infesta (Monterrei) para subministrar enerxía térmica aos veciños da aldea que voluntariamente manifestaron o seu interese. A dita infraestrutura é financiada con fodos FEDER no marco do POCTEP e debe destinarse a fins de interese público conforme aos principios de durabilidade, trazabilidade e non obtención de ingresos indebidos establecidos pola normativa comunitaria.

Cuarto: Que a titularidade da infraestrutura construída corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que velará polo cumprimento dos obxectivos do proxecto e da súa conservación.

Quinto: Que o Concello de Monterrei manifesta a súa disposición a colaborar mediante a asunción de tarefas de mantemento ordinario e xestión operativa de dita infraestrutura, para garantir o seu funcionamento e utilidade pública.

En consecuencia, as partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá o mantemento da infraestrutura denominada "Rede de calor de biomasa de Infesta", construída no marco do proxecto POCTEP ALDEALIX.

SEGUNDA.- Propiedade

A titularidade da infraestrutura, que foi financiada no marco do programa POCTEP, corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.





O Concello de Monterrei asume o mantemento da infraestrutura conforme ás condicións estipuladas neste convenio.

Prevese a posibilidade de que, unha vez finalizada a obriga de mantemento dos investimentos realizados durante os cinco anos posteriores á data de pago final do proxecto, a Axencia poderá ceder a titularidade de acordo co artigos 138 e 139 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma.

TERCEIRA.- Descrición da infraestrutura

Instalación dunha caldeira de biomasa para servizo de calefacción a diversas¹ vivendas particulares na aldea modelo de Infesta, no concello de Monterrei (Ourense), co seguinte alcance básico²:

- a) Obra civil da nova sala de máquinas e correspondente silo de biomasa, así como urbanización da parcela de implantación (Ref. catastral: 32051A030004180000MY)
- b) Caldeira de biomasa, de 300 kW, co seu correspondente conxicionado hidráulico para axustala ao RITE.
- c) Sistema de alimentación de biomasa á caldeira, de forma automático, con limpeza e extracción de cinzas.
- d) Cheminea de evacuación de fumes da combustión.
- e) Rede de distribución enterrada, en PEX preillado, para alimentación a cada un dos usuarios para conectar.
- f) Resolución da entrada de tubaxes a cada unha das vivendas, ata alcanzar o intercambiador de placas e a súa interconexión cos sistemas de calefacción actuais, se é que existen.
- g) Intercambiador de placas en cada unha das vivendas, coas súas correspondentes válvulas de protección, válvula de equilibrado, filtros, contador de enerxía,... para o seu correcto funcionamento.
- h) Bus de datos enterrado, para conexión do contador de enerxía e control de usuario co control central da sala.
- i) Programación, proba e posta en funcionamento da instalación.

¹ No proxecto achégase un listado con 33 vivendas interesadas no subministro de calefacción a través da rede

² Queda fóra do alcance do proxecto tanto o sistema de calefacción individual como a xeración de auga quente sanitaria de cada unha das vivendas.

CUARTA.- Finalidade e condicións de uso

O Concello de Monterrei comprométese a destinar a infraestrutura exclusivamente á subministración térmica mediante biomasa aos veciños adheridos ao proxecto e organizados en cooperativa sen ánimo de lucro, conforme ao estipulado no proxecto.

O uso deberá respectar os principios de interese xeral, utilidade pública, eficiencia enerxética e cohesión social.





Prohíbese expresamente o seu uso para actividades con ánimo de lucro ou finalidades distintas ás establecidas sen autorización expresa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O Concello de Monterrei deberá elaborar un Plan de xestión e mantemento da central de calor, que deberá ser presentado e aprobado na comisión de seguimento.

QUINTA.- Obrigas

O Concello de Monterrei:

- a) Levará o mantemento ordinario, vixilancia e operación funcional da rede de calor.
- b) Garantirá o cumprimento do período de durabilidade de 5 anos desde o pago final do proxecto, de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2021/1058 e as bases do POCTEP.
- c) Evitará a obtención de ingresos indebidos. No caso de que os ingresos superen os custos operativos, deberá establecer un mecanismo de reinversión social.
- d) Deberá facilitar o acceso ás instalacións a persoal técnico designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a realización de auditorías ou inspeccións.
- e) Deberá presentar o Plan de xestión e mantemento da central de calor, incluíndo toda a documentación necesaria para avaliar a adecuación do mesmo á regulación vixente e aos obxectivos do proxecto.
- f) Comprométese a garantir que todas as actuacións relacionadas coa central de calor cumpran coa normativa vixente en materia ambiental, laboral, de seguridade e saúde laboral, así como calquera outra disposición legal aplicable.
- g) Deberá solicitar e obter a autorización expresa da comisión de seguimento para calquera modificación substancial do Plan de xestión e mantemento ou para a formalización de contratos cos terceiros

SEXTA.- Participación de terceiros

O concello de Monterrei, coa finalidade de garantir o correcto funcionamento da infraestrutura obxecto deste convenio así como a prestación do servizo aos veciños, poderá formalizar convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro ou formalizar encargos ou contratos con entidades prestadoras de servizos, logo de ser autorizado expresamente pola comisión de seguimento do convenio.

En ambos os dous casos, o concello de Monterrei manterá a responsabilidade última fronte á comisión de seguimento e fronte a terceiros polos posibles danos, incumprimentos ou deficiencias no servizo.

O Concello de Monterrei deberá realizar un seguimento periódico das actividades desenvolvidas polo terceiro delegado ou encargado, emitindo informes regulares á comisión de seguimento.

SÉTIMA.- Duración do convenio

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos.





En calquera momento antes da finalización do prazo de duración, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, garantindo en todo caso a durabilidade mínima esixida pola normativa de fondos, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

OITAVA.- Financiamento

O convenio non posúe financiamento.

NOVENA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como na comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten no convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro)

As partes asinantes consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co disposto no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto)

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa e réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público

As dúbidas e controversias que poidan xurdir na aplicación deste convenio e que non fosen resoltas pola comisión de seguimento resolveranse polas normas aplicables en dereito e serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por:

- A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- A persoa titular da subdirección responsable da coordinación dos proxectos de financiación comunitaria da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e coordinadora das actuacións a levar a cabo no convenio.





- A persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- A persoa titular da alcaldía do Concello de Monterrei.
- A persoa titular da Secretaria do Concello de Monterrei.
- Una persoa técnico/a do Concello de Monterrei.

Dada a relevancia e o carácter innovador das actuacións para a provincia de Ourense, asistirá a esta Comisión de seguimento o delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense.

DÉCIMO TERCEIRA.- Modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.- Extinción e causas de resolución do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO QUINTA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa





Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

DÉCIMO SEXTA. Protección de datos de carácter persoal

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente acordo e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data que figura no mesmo.

María José Gómez Rodríguez

José Luis Suárez Martínez

(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

Alcalde de Monterrei

